



EXCMO. CONCELLO DE
VIVEIRO
(LUGO)

Concello de Viveiro

EXpte.- 1036/2023

ASUNTO.- Trámite de Audiencia relativo ao recurso presentado por Dna. Sira Martínez López, Pedro Fernández Prieto e Dna. Lucia Esquerdeiro Cabarcos.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publicase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da tasa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reducción da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de errores nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publicase o anuncio da Resolución de corrección de errores nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publicase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan dúas prazas de **"MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA (XORNADA PARCIAL)"**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de **"MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA (XORNADA PARCIAL)"**, persoal laboral fixo.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía relativa ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de **"MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA (XORNADA PARCIAL)"**, persoal laboral fixo.en data 11 de abril de 2024.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Proposta do Tribunal e a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal.

Visto o recurso presentado por Dna. Sira Martínez López en data 30 de outubro de 2024 e número de rexistro de entrada neste Concello 2024-E-RC-6902.

Tendo en conta o disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), no que se indica que se houbese outros interesados/as daráselles en todo caso traslado do recurso para que no prazo antes citado aleguen canto estimen procedente.

Resultando que na proposta do Tribunal a recorrente, D^a. Sira Martínez López, figura no número 4 na orde de aspirantes, polo que os aspirantes con maior puntuación que a puntuación obtida pola recorrente, que se atopan nun número de orde anterior, resultan polo tanto interesados no procedemento, conforme ao disposto no artigo 4.c) da referida norma (LPACAP).

Visto o recurso presentado por D. Pedro Fernández Prieto en data 30 de outubro de 2024 e número de rexistro de entrada neste Concello 2024-E-RC-6901.

Tendo en conta o disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), no que se indica que se houbese





EXCMO. CONCELLO DE
VIVEIRO
(LUGO)

Concello de Viveiro

outros interesados/as daráselles en todo caso traslado do recurso para que no prazo antes citado aleguen canto estimen procedente.

Resultando que na proposta do Tribunal o recorrente, D. Pedro Fernández Prieto, figura no número 6 na orde de aspirantes, polo que os aspirantes con maior puntuación que a puntuación obtida pola recorrente, que se atopan nun número de orde anterior, resultan polo tanto interesados no procedemento, conforme ao disposto no artigo 4.c) da referida norma (LPACAP).

Visto o recurso presentado por Dna. Lucía Esquerdeiro Cabarcos en data 06 de novembro de 2024 e número de rexistro de entrada neste Concello 2024-E-RC-7070.

Tendo en conta o disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), no que se indica que se houbase outros interesados/as daráselles en todo caso traslado do recurso para que no prazo antes citado aleguen canto estimen procedente.

Resultando que na proposta do Tribunal a recorrente, Dña. Lucía Esquerdeiro Cabarcos, figura no número 3 na orde de aspirantes, polo que os aspirantes con maior puntuación que a puntuación obtida pola recorrente, que se atopan nun número de orde anterior, resultan polo tanto interesados no procedemento, conforme ao disposto no artigo 4.c) da referida norma (LPACAP).

Por medio da presente,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Outorgar trámite de audiencia aos/ás interesados/as no procedemento, considerando en todo caso interesados no procedemento, en relación ao recurso interposto por Dna. Sira Martínez López, aos aspirantes que se atopan nun número de orde anterior ao número 4, número de orde na que se atopa a recorrente, por prazo de 10 días hábiles, previo á resolución do recurso interposto.

SEGUNDO.- Outorgar trámite de audiencia aos/ás interesados/as no procedemento, considerando en todo caso interesados no procedemento, en relación ao recurso interposto por D. Pedro Fernández Preito, aos aspirantes que se atopan nun número de orde anterior ao número 6, número de orde na que se atopa o recorrente, por prazo de 10 días hábiles, previo á resolución do recurso interposto.

TERCEIRO.- Outorgar trámite de audiencia aos/ás interesados/as no procedemento, considerando en todo caso interesados no procedemento, en relación ao recurso interposto por Dna. Lucía Esquerdeiro Cabarcos, aos aspirantes que se atopan nun número de orde anterior ao número 3, número de orde na que se atopa a recorrente, por prazo de 10 días hábiles, previo á resolución do recurso interposto.

CUARTO.- Tendo en conta o disposto no artigo 22 da Lei 39/2015, ao respecto da suspensión do prazo máximo para resolver, en consonancia coa previsión da base xeral 16.1 que rexe o proceso, procede a suspensión do prazo da resolución do procedemento selectivo, ata a resolución do recurso presentado.

QUINTO.- Publicar a presente resolución, no taboleiro de edictos municipal, no tableiro de edictos dixital do Concello de Viveiro, e na páxina web municipal, para o outorgamento do trámite de audiencia previsto no artigo 118.2 LPACAP e coñecemento dos interesados no proceso selectivo. O prazo de audiencia comezará a computar ao día seguinte ao da publicación desta Resolución no taboleiro de edictos dixital do Concello de Viveiro. O acceso ao recurso presentado poderá realizarse nas dependencias municipais do Concello de Viveiro, sitas na Praza Maior ,1, Viveiro, en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou mediante solicitude de acceso presentada por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 LPACAP.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcadesa,

Ante míñ, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

Asdo. Dna. María Loureiro García

Asdo. Dna. María Luz Balsa Rábade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

